

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA SA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE INVESTIGACIÓNS LINGÜÍSTICAS DE INTERESE COMÚN

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2022

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, publicado no DOG núm. 94, do 16 de maio e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 119/2022, do 20 de xuño, publicado no DOG núm. 126, do 4 de xullo, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Alfonso Sánchez Izquierdo, en nome e representación da Corporación Radio e Televisión de Galicia SA, en calidade de director xeral da dita entidade, nomeado para o devandito cargo por Acordo de 4 de xaneiro de 2016 do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., en virtude das facultades que lle confire o artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e polo artigo 22 dos estatutos sociais.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e coa representación competencial que ostentan, e recoñecéndose mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente acordo

EXPOÑEN

1. Que son conscientes de que a recuperación da nosa lingua depende en gran medida do apoio que lle presten as institucións e entidades, contribuíndo así á súa difusión e ao proceso de normalización lingüística.

2. Que para a potenciación do emprego do galego (artigos 5º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e 6º.3 da Lei de normalización lingüística) cómpre dispor de estudos sobre diversos eidos da lingua galega.
3. Que o Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 27.20, a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega.
4. Que de acordo co decreto 119/2022, do 20 de xuño, publicado no DOG núm. 126, do 4 de xullo, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, figura o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, baixo a dirección da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que ten asignadas entre outras funcións, no seu decreto de creación – Decreto 25/1993 do 11 de febreiro, modificado polos Decretos 330/1997 e o 145/2007- a de propoñerlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística a celebración de convenios e concertos con institucións públicas ou privadas, co fin de levar a cabo o estudo filolóxico, a conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas que permitan unha investigación profunda da nosa lingua.
5. Que a Corporación Radio Televisión de Galicia ten entre os seus obxectos fundacionais o de contribuír á normalización lingüística, e como medio público ten o deber de usar unha lingua de calidade, que ademais servirá de modelo a través das súas emisións.
6. Que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades pode prestar á Corporación Radio Televisión de Galicia axuda en materia lexicográfica e terminolóxica, co fin de manter un alto nivel na calidade da lingua nas súas emisións, e pode contribuír ao desenvolvemento de ferramentas de intelixencia artificial de utilidade para a CRTVG.
7. Que a Corporación Radio Televisión de Galicia pode prestar axuda, ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, proporcionándolle textos e emisións de produción propia que sirvan de material para investigación, e difundir a través dos seus medios as súas actividades, publicacións e resultados das súas investigacións.

Que ambas as entidades teñen vontade de colaborar, e para iso establecen os seguintes acordos,

Primeiro. Obxecto

A Corporación Radio Televisión de Galicia, colaborarán coa Secretaría Xeral de Política Lingüística a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, propiciando a accesibilidade aos seus materiais audiovisuais, e mesmo escritos, para fins de investigación en materia lingüística.

Segundo. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

A Secretaría Xeral de Política Lingüística a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades colaborará coa Corporación Radio Televisión de Galicia achegando o seu coñecemento.

En concreto, e dado que os lingüistas da Corporación Radio Televisión de Galicia e a súa sociedade son os primeiros, en moitas ocasións, en enfrontarse a terminoloxías novidasas, estas serán obxecto de consulta e colaboración, ben para resolver as dificultades que poidan entrañar, ben para concertar unha solución que vai supoñer unha acuñación posterior de carácter xeral. Por outra parte, os desenvolvementos de tecnoloxías da fala e de intelixencia artificial levados a cabo dentro do proxecto NÓS, no que participa o Centro Ramón Piñeiro, serán sen dúbida de utilidade e aproveitamento para a CRTVG, e estarán ao seu dispor para a súa posible utilización.

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades fará constancia expresa da colaboración da Corporación Radio Televisión de Galicia nos resultados de investigacións ou publicacións para as que se manexase como fonte documental o material audiovisual cedido en base a este convenio.

Terceira. Obrigas da Corporación Radio Televisión de Galicia

A Corporación Radio Televisión de Galicia cederá para fins investigadores ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades material audiovisual e/ou escrito sobre o que teña plenos dereitos de reutilización, fragmentación e cesión a terceiros, para usos lingüísticos na realización do proxecto NÓS. O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades poderá á súa vez autorizar a utilización destes materiais para efectos de investigación e desenvolvemento de ferramentas de intelixencia artificial con fins lingüísticos a calquera outra entidade que colabore no desenvolvemento dos proxectos promovidos polo Centro, e de maneira particular ás que participen na realización do proxecto NÓS.

Particularmente, as emisións dos medios da Corporación Radio Televisión de Galicia, que recollen voces de distintos ámbitos diatópicos, diastráticos e diafásicos, serán obxecto desta colaboración, especialmente para a súa utilización no Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA) e no desenvolvemento de todo tipo de aplicacións de enxeñaría lingüística e tecnoloxías da fala.

Cuarto. Financiamento

Deste acordo non se derivan dereitos nin obrigas de contido económico para ningunha das partes. As actividades que se desenvolvan serán custeadas por cada unha delas cos créditos propios que teñan asignados e sexan de aplicación en cada caso.

Quinto. Vixencia

Este acordo entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e terá vixencia **mentres continúen desenvolvéndose os traballos de investigación dos proxectos referidos** na estipulación terceira, aínda que poderá ser denunciado por calquera das partes asinantes por incumprimento do que nel se establece.

Sexto. Comisión de Seguimento

Créase unha Comisión mixta de seguimento deste acordo constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, por parte do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e outros dous representantes, por parte da Corporación Radio Televisión de Galicia.

As posibles discrepancias na aplicación e/ou na interpretación das cláusulas deste acordo resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de Seguimento prevista neste acordo.

En proba de conformidade, asíñase dixitalmente este acordo

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades O director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia SA

Román Rodríguez González

Alfonso Sánchez Izquierdo